



O COMITÉ DE MEMORIA HISTÓRICA DA COMARCA DE CELANOVA solicita aos grupos con representación na corporación municipal de Celanova que presenten o seguinte texto como moción no próximo pleno:

Moción para a aplicación da *Ley 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática*, que foi publicada no BOE n.º 252 do 20 de outubro de 2022 no que se refire aos símbolos, elementos e actos contrarios á memoria democrática, e para que se atenda a necesaria conservación dos lugares de memoria, recollida na mesma lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 16 de febreiro de 2021, van agora 21 meses, este Comité iniciou unha campaña de recollida de adhesións ao Manifesto que pide a retirada do símbolo falanxista do Outeiro da Obra despois de ter realizado un amplo traballo de documentación do elemento e poñer en evidencia que o mesmo estaba afectado pola Ley de Memoria de 2007. A evidencia foi rotunda para máis de 1.600 persoas e colectivos, entre eles, todas as asociacións que traballan no ámbito da recuperación da memoria histórica no país así como os principais historiadores e historiadoras na materia, alén doutras personalidades destacadas no mundo académico, cultural e político galego.

Mais a corporación municipal de Celanova negouse a aceptar a evidencia e ignorou a demanda do Comité, inflixindo un novo e innecesario castigo ás vítimas da barbarie fascista que seguiu ao golpe de Estado do 36 e que continuou durante máis de corenta anos, como volve indicar agora un novo texto legal acordado polo Parlamento español, tres lustros despois de aquel de 2007.

O Comité elevou a súa demanda en maio de 2021 ao Goberno do Estado, a través dunha entrevista co Subdelegado en Ourense. E, un ano despois do inicio daquela campaña, o 16 de febreiro de 2022, solicitou por vía administrativa a aplicación da lei de 2007. Nove meses despois, a única resposta que obtivemos foi o silencio administrativo. É dicir, un castigo máis para as vítimas.

Agora, coa nova lei estatal de memoria, que no referido aos símbolos, elementos e actos contrarios á memoria democrática é máis precisa e imperativa que o texto anterior, volvemos a dirixirnos a Administración responsábel (no caso deste símbolo, o Concello de Celanova) para que proceda á súa retirada e dea cumprimento a todas as indicacións que ofrece o texto legal.

Unha vez se cumpra coa lei, este Comité comprométese a prestar a máxima colaboración ao Concello de Celanova para elaborar unha proposta de resignificación do espazo.

En segundo lugar, e apelando ao disposto no mesmo *Capítulo IV. Sección I* da lei de memoria democrática, solicitamos a retirada da placa de simboloxía falanxista do edificio do teleclub de Vilanova dos Infantes, antiga escola. E tamén, a que o Concello de Celanova elimine do rúeiro e dos mapas oficiais e promocionais da vila a denominación 'Monte da Cruz' e proceda á restitución na sinalización do topónimo 'Outeiro da Obra', anterior ao imposto polas armas a partir de agosto de 1939.

En terceiro lugar, e tamén acolléndonos á nova lei, no que se refire á protección dos lugares de memoria, definidos no artigo 49 como “*aquel espazo, inmovible, paraxe ou patrimonio cultural inmaterial ou intanxibel no que aconteceron feitos de singular relevancia pola súa significación histórica, simbólica ou pola súa repercusión na memoria colectiva, vinculados á memoria democrática, a loita da cidadanía española polos seus dereitos e liberdades, a memoria das mulleres, así como coa represión e violencia sobre a poboación como consecuencia da resistencia ao golpe de Estado de xullo de 1936, a guerra, a ditadura, o exilio e a loita pola recuperación e afondamento nos valores democráticos*”, solicitamos do Concello de Celanova a protección e divulgación do significado da pintada co lema ‘ADIANTE SEMANARIO’ na fachada principal do Mosteiro de Celanova.

Á espera dunha acción máis ampla para que o conxunto do Mosteiro ou parte del, ao abeiro desta nova lei, sexa declarado, inventariado e protexido como Lugar de Memoria, nos termos que prevé a *Capítulo IV. Sección IV* do texto legal, consideramos urxente polo seu deterioro que o goberno municipal estableza medidas de protección da pintada ‘ADIANTE SEMANARIO’.

Neste punto o Comité tamén se pon ao servizo do Concello para botar unha man na divulgación do significado desa pintada, que ten a súa orixe no ano 1933, en tempos da II República, cando un grupo de mozos de Celanova, entre eles Xosé Velo e Celso Emilio Ferreiro, que fan parte das Mocedades Galeguistas, editan un semanario que se chama ‘Adiante’, “onde a liberdade de expresión sexa a punta do compás sobre a que trazar os círculos dun compromiso social e ideolóxico coa Galiza”, segundo ten escrito o poeta Baldo Ramos. Aquel compromiso plásmase tamén na pintada que fixeron con alquitrán na fachada do Mosteiro e que persiste até hoxe.

Por todo o anterior, instamos a esta corporación a que adopte os seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno municipal á retirada inmediata do memorial falanxista do Outeiro da Obra e da placa no edificio da antiga escola de Vilanova dos Infantes como símbolos contrarios á memoria democrática, segundo o disposto na *Ley 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática* que entrou en vigor o mes de outubro do presente ano.
2. Instar ao goberno municipal a restituír no rueiro e en toda a información e documentación pública oficial a partir desta data a denominación de ‘Outeiro da Obra’, e cambiar a sinalética do lugar eliminando a denominación actual, contraria á memoria democrática, e incorporando a de ‘Outeiro da Obra’.
3. Instar ao goberno municipal a instalar de maneira urxente e inmediata un elemento de disuasión permanente e eficaz contra calquera actividade que dane a fachada do Mosteiro no punto no que se localiza a pintada ‘Adiante Semanario’, en canto elemento e lugar de memoria; así como a difundir entre a veciñanza e a cidadanía galega o significado desta inscrición.

CELANOVA, 14 DE NOVEMBRO DE 2022

COMITÉ DE MEMORIA HISTÓRICA DA COMARCA DE CELANOVA